4. Na realización das probas queda prohibido o emprego de teléfonos móbiles, tabletas ou calquera dispositivo de comunicación do alumnado co exterior. A cualificación por trimestre calculárase como a media ponderada de:

- Proba obxectiva (peso na avaliación 70%). Realizarase polo menos unha proba escrita por avaliación, que incluirá preguntas de desenvolvemento e/ou tipo test (de resposta única) ou ben supostos prácticos, relativos aos contidos traballados en cada avaliación. Cada unha destas probas se valorará de 0 a 10 puntos, sendo necesario acadar unha nota mínima de 5 neste apartado para facer a media coas calificacións obtidas nos apartados posteriores. En caso de realizarse varias probas escritas, esixirase unha nota mínima dun 5 en cada unha destas probas para facer a media entre elas. En caso de que nalgunha destas probas non se acade unha nota mínima de 5, a avaliación estará suspensa, sen perxuizo das correspondentes probas de recuperación que se realizarán ao comezo da seguinte avaliación. Unha vez posta esta nota, e sempre que se obteña polo menos unha nota media de 5, este apartado barémase nun 70% con respecto á nota final da avaliación.
- Actividades de aula, traballos individuais e colectivos (peso 30%). Estas actividades calificaranse entre 0 e 10, debendo obter entre todas elas a cualificación media mínima de 5 puntos. A nota media obtida baremarase nun 30% da nota final. Na realización das actividades e traballos individuais e colectivos, valoraranse aspectos coma a participación, iniciativa e implicación no traballo individual ou en equipo, a presentación, calidade e dominio dos contidos traballados, os prazos de entrega,...

A nota de cada avaliación parcial será o resultado da suma dos dous apartados (30% das actividades e traballos + 70% da proba obxectiva). Superará a avaliación parcial aquel alumno que coma resultado final obteña coma mínimo a nota de 5. A nota final do módulo será a media das avaliacións cando estean todas aprobadas. Se hai algunha suspensa, aínda que a media das tres sexa igual ou superior a 5, o módulo quedará suspenso.

NOTAS:
1. Para a superación do módulo compre ter tódalas avaliacións superadas.
2. Os alumnos que non teñan todas as avaliacións superadas deberán realizar o exame final para superar o módulo e,

aqueles que teñan perdido o dereito de avaliación continua realizarán o Exame Extraordinario para a cualificación do módulo.
3. A superación da UF 2 non implicará a superación da UF 1, debendo estar ambas avaliadas positivamente para acadar a avaliación positiva do módulo de IPE I, conforme á lexislación vixente.

Procedemento e criterios de recuperación

1. Recuperación intracurso
Os alumnos que suspendan algunha avaliación poderán recuperala ao longo da avaliación seguinte. A recuperación terá lugar mediante unha proba escrita, sobre as unidades suspensas na avaliación pendente. Para superar as unidades pendentes é necesario obter unha nota mínima de 5 en cada unha.
2. Recuperación final de curso
As unidades didácticas non superadas ao longo do curso poderán ser recuperadas nunha proba escrita que se realizará despois da terceira avaliación e antes da avaliación final. A estes efectos, os alumnos recibirán un informe individualizado no que se indicarán as unidades pendentes e disporán dun período de titoría, previo a realización da proba escrita, no que poderán consultar dúbidas sobre a materia obxecto da proba. A puntuación da proba será de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter unha nota mínima de 5 para superala.
3. Alumnado que pasa a segundo curso co módulo pendente
Unha vez realizada a avaliación final do módulo, o alumnado suspenso recibirá un informe individualizado no que se indicarán as unidades didácticas pendentes de recuperar ao longo do seguinte curso académico. Co fin de que os alumnos poidan recuperar as unidades suspensas realizaranse dúas probas escritas, unha no mes de decembro e outra, con carácter previo á FCT, no mes de marzo. Así mesmo, de setembro a marzo deberán realizar as actividades de recuperación que a profesora considere oportunas en cada caso tendo en conta as unidades suspensas.
4. Alumnado co módulo pendente que suspende en marzo
O alumnado de segundo curso que teña o módulo pendente e non conseguira recuperalo no mes de marzo, recibirá un informe individualizado no que se indicarán as unidades didácticas pendentes de recuperar. As unidades pendentes poderán ser recuperadas nunha única proba escrita que se realizará no mes de xuño, antes da avaliación final. Así mesmo, deberán realizar as actividades de recuperación que a profesora considere oportunas en cada caso tendo en conta as unidades suspensas.

6.2. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Alumnado que pasa a segundo curso co módulo pendente
Unha vez realizada a avaliación final do módulo, o alumnado suspenso recibirá un informe individualizado no que se indicarán as unidades didácticas pendentes de recuperar ao longo do seguinte curso académico.
Co fin de que os alumnos poidan recuperar as unidades suspensas realizaranse dúas probas escritas, unha no mes de decembro e outra, con carácter previo á FCT, no mes de marzo. Así mesmo, de setembro a marzo deberán realizar as actividades de recuperación que a profesora considere oportunas en cada caso tendo en conta as unidades suspensas.
Alumnado co módulo pendente que suspende en marzo
O alumnado de segundo curso que teña o módulo pendente e non conseguira recuperalo no mes de marzo, recibirá un informe individualizado no que se indicarán as unidades didácticas pendentes de recuperar. As unidades pendentes poderán ser recuperadas nunha única proba escrita que se realizará no mes de xuño, antes da avaliación final. Así mesmo, deberán realizar as actividades de recuperación que a profesora considere oportunas en cada caso tendo en conta as unidades suspensas.

6.3. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA PARA ALUMNADO CON PERDA DE AVALIACIÓN CONTINUA:

A ORDE do 12 de xullo de 2011, no punto 3 do artigo 25, establece que: o número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10% respecto á súa duración total.
Cando un/unha alumno/a acade o 6% de faltas (4,32 sesións), notifícaselle un apercibimento, e cando chegue ao 10% (7,2 sesións), comunícaselle a perda do dereito á avaliación continua.
Para determinar a perda dese dereito, valoraranse as circunstancias persoais e laborais do alumno/a que se establezan na xustificación das faltas, cuxa aceptación será conforme ao réxime interior do centro. Polo tanto,

perderá o dereito a presentarse as probas parciais obxectivas de cada unidade didáctica e mesmo perderá as cualificacións parciais das unidades didácticas as que se houbese presentado.

No caso de perda da avaliación continua, o alumno/a será avaliado mediante unha proba extraordinaria única, que se realizará antes da avaliación final. Para isto, utilizaranse os seguintes instrumentos de avaliación:
-Proba escrita: Peso do 70% da nota.
-Táboa de observación /Lista de cotexo: sobre os traballos encomendados. Peso: 30% da nota.

Para superar a proba extraordinaria, debe obterse unha cualificación de 5 ou superior. Esta proba de avaliación extraordinaria, será previa a avaliación final do módulo correspondente.

7.1. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.

De acordo co sinalado no Decreto 229/2011, por atención á diversidade se entende o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situación sociais e culturais de todo o alumnado (art. 3). Esta resposta educativa deberá rexerse polos principios de:
- Normalización e inclusión.
- Equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación.
- Flexibilidade e accesibilidade.
- Interculturalidade e promoción da convivencia.
- Autonomía dos centros docentes e participación de toda a comunidade educativa.

Estas medidas poden ser de carácter ordinario ou extraordinario:

- As medidas ordinarias permiten adecuar o currículo sen unha alteración significativa dos obxectivos e criterios de avaliación. No caso de Formación Profesional, o carácter continuo da avaliación debe permitir a detección precoz das posibles dificultades na adquisición dos contidos por parte do alumnado e, en consecuencia, promover a identificación dos aspectos do proceso que provocan estas dificultades e a adopción das medidas oportunas. Cando a análise da marcha dun estudante determine dificultades para o seguimento, darase un reforzo educativo personalizado, determinando aqueles contidos nos que ten máis dificultades, propoñendo traballos e actividades de reforzo que lle permitan acadar as capacidades terminais asociados aos contidos mínimos propostos nesta programación didáctica. Ademais, empregaremos metodoloxías que promovan a atención á diversidade. Por outra banda, empregaremos actividades de ensino-aprendizaxe variadas e, de ser posible, con diferente nivel de dificultade. Utilizaranse recursos e materiais variados (gráficos, audiovisuais, Internet) para unha mellor comprensión por parte do alumnado. Incluiranse actividades de recuperación para aqueles alumnos e alumnas que ao final da secuencia no acaden as capacidades previstas. Do mesmo xeito artéllanse actividades de ampliación, de investigación ou afondamento para aquel alumnado con maior capacidade de aprendizaxe.
- As medidas extraordinarias requiren modificacións significativas do currículo ordinario ou, como na FP, cambios esenciais no ámbito organizativo. No caso en que non sexa posible garantir a consecución efectiva dos resultados da aprendizaxe, e as necesidades de apoio específico así o xustifiquen, o equipo docente poderá propoñer a través da titoría e o departamento de Orientación a solicitude de flexibilización modular, tal como establece a Orde do 12 de xullo de 2011 no seu artigo 15. Esta medida implica cursar o ciclo formativo de xeito fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral. Deberá ter a conformidade expresa do alumno/a se é maior de idade -dos seus titores legais en caso contrario- e ser presentada ante o servizo de inspección educativa antes do 31 de outubro.

No caso do alumno con dificultades específicas teremos en conta as suxestións metodolóxicas aportadas polo departamento de orientación. Co alumnado que presenta condicións de trastorno de espectro autista procuraremos evitarlles sorpresas, anticipando información sobre as actividades especiais ou os cambios de horario. Insistiremos no uso de axendas ou cadernos de organización de actividades, e nos exames, e caso de resultarlles beneficioso e de ser posible, optaremos por probas de preguntas cortas ou tipo test.

8.1. Programación da educación en valores.

A educación en valores adquire unha relevancia central na ensinanza dos módulos dos ciclos formativos de calquera familia profesional, dado que repercute positivamente na convivencia entre o alumnado nos centros educativos e, como futuros traballadores, nas empresas.

Os temas transversais que trataremos de abordar en todas as unidades didácticas serán os seguintes:
-Educación para a igualdade de xénero: fomentando a igualdade de oportunidades e de xénero, ten como finalidade promover a construción dun novo modelo formativo capaz de abranguer por igual o feminino e o masculino.
-Educación para a prevención do racismo e da discriminación: promovendo unha educación multicultural encamiñada a evitar a discriminación por razóns de raza, crenzas ou de calquera outra característica de diferenciación entre persoas. En ningún momento se permitirán comentarios despectivos ou racistas na aula.
-Educación ambiental: fomentando o respecto polo medio ambiente e insistindo na reciclaxe e conservación.-Educación para a convivencia: fomentarase a resolución pacífica dos conflitos, a través do diálogo e o respecto mutuo; procurarase atopar solucións de consenso.
-Educación como consumidor/a: fomentando entre o alumnado o consumo responsable e o coñecemento dos seus dereitos e deberes.-Educación para a prevención de riscos laborais e a saúde: concienciando ao alumnado sobre a importancia de cumprir unha serie de normas básicas no tocante á prevención de riscos laborais e a necesidade de tomar medidas que minimicen os riscos para a vista, a columna, etc.-Fomento da cultura e iniciativa emprendedora e do traballo en equipo

O alumnado participará nas actividades organizadas polo departamento que sexan do seu interese. Entre os exemplos de actividades extraescolares inclúense: Visitas a empresas, feiras e exposicións de materiais e actividades relacionadas. Asistencia a conferencias, charlas e outros eventos organizados polo departamento

9.1. Actividades complementarias e extraescolares.

O noso alumnado participará nas seguintes actividades: en actividades complementarias e extraescolares xerais organizadas polo centro e específicas do departamento de FOL

10.1. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.

A programación será obxecto de seguimento durante o ano académico. Desta forma, modificaranse aqueles aspectos que tras a súa posta en práctica, non sexan adecuados para o alcance dos RA por parte do alumnado. O seguimento da programación por parte do docente realizarase ao final de cada unidade (ou mensualmente no caso de unidades superiores a esta medida temporal), reflectindo as variacións realizadas respecto á programación orixinal, na aplicación informática disposta pola administración. Estas variacións serán tidas en conta para as programacións dos próximos cursos, tanto para a súa mellora, como para a práctica docente. A maiores, e como establece o artigo 23.5 da orde de 12 de xullo de 2011, cada departamento realizará cunha frecuencia mínima mensual, o seguimento das programacións de cada módulo, e reflectirá na acta de devandita reunión, o grao de cumprimento con respecto á programación inicial, e a xustificación razoada en caso de desviacións.

Por outra banda, na avaliación da propia práctica docente serán tidos en consideración os resultados das enquisas que a administración realiza ao alumnado sobre o docente e a súa práctica como tal. Algúns dos aspectos que o profesor deberá considerar na autoavaliación da práctica docente son:
- Organización e coordinación co profesorado do ciclo formativo.
- Adecuación do grao de dificultade das actividades ás características do alumnado.
- Grao de motivación dos alumnos nas actividades propostas polo profesor.
- Planificación de tarefas: distribución e dotación de medios e tempos.
- Ambiente de traballo: relación entre os alumnos e entre alumnado e profesor.
- TICs: uso e manexo por parte do alumnado e do profesor.
- Habilidades de comunicación verbal e non verbal na transmisión dos contidos.
- Claridade na presentación dos contidos nos medios audiovisuais empregados.

11.1. Outros apartados.

1. Comunicación da programación

O profesor do módulo informará ao alumnado matriculado durante as primeiras semanas do curso escolar dos seguintes aspectos xerais da programación didáctica:
1. Distribución das Unidades didácticas e temporalización aproximada.
2. Criterios xerais de cualificación e normas básicas.
3. Proceso de recuperación, de selo caso.
4. Actividades previstas durante o curso escolar.

Ademais, indícaselle que queda a súa disposición nos lugares establecidos pola dirección do centro.

PROGRAMACIÓN LOOIFP

Versión Docente

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	IES Luís Seoane	Pontevedra	2025/2026

Datos da programación

Ensinanza	Ciclo formativo/Curso de especialización	Grao
Graos D: Ciclos formativos	D2COM000100 - Actividades comerciais	A

Módulo
MP1710 - Itinerario persoal para a empregabilidade II (2º)

Tipo de oferta	Modalidade	Réxime dual	Grupo
Réxime xeral-ordinario	Presencial	Xeral	A

Sesións semanais	Horas anuais	Duración Sesións	Sesións anuais	Sesións centro
2	50	50	60	31

Profesorado responsable

Docentes
Dacosta Vázquez, María Victoria

Contido **Páxina**

1.1. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo. 3

2.1. Relación e secuencia de unidades didácticas 4

2.2. Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas. 4

3.2. Deseño das unidades didácticas: asignación de elementos curriculares ás actividades. 11

5.1. Procedemento de avaliación inicial. 34

6.1. Criterios de cualificación e recuperación 34

6.2. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 36

6.3. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua 36

7.1. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados. 36

8.1. Programación da educación en valores. 36

9.1. Actividades complementarias e extraescolares. 37

10.1. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente. 37

11.1. Outros apartados. 38

1.1. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.

O módulo de Itinerario persoal de empregabilidade II (IPE II), integrado no Ciclo Formativo de Grao Medio de Actividades Comerciais, constitúe unha peza fundamental na formación do alumnado, pois dota ás persoas estudantes das ferramentas necesarias para mellorar a súa inserción laboral, fortalecer a súa autonomía profesional e desenvolver unha actitude emprendedora nun entorno socioeconómico en constante transformación.
Esta concreción curricular responde á necesidade de contextualizar os contidos e actividades formativas ás características do ámbito produtivo galego, especialmente no sector da comercio e do marketing, onde a polivalencia, a capacidade de adaptación e o dominio das competencias persoais e dixitais son requisitos imprescindibles.
No contexto do comercio e do márketing, a realidade laboral está marcada pola dixitalización dos procesos, a implantación de administracións electrónicas, a crecente externalización de servizos e a aparición de novas formas de emprendemento vinculado á economía circular e social. Así, as persoas profesionais da área administrativa deben demostrar unha alta capacidade organizativa, dominio das ferramentas TIC, comunicación efectiva e orientación á mellora continua.
O módulo de IPE II contribúe a consolidar estas competencias, favorecendo unha visión integral do desenvolvemento profesional e potenciando a empregabilidade activa. O alumnado aprende a planificar o seu itinerario profesional, identificar oportunidades de inserción laboral e desenvolver estratexias de busca de emprego axustadas ás demandas reais do mercado galego.
A través dos seus resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación, o módulo fomenta o coñecemento das técnicas actuais de selección de persoal, o desenvolvemento de habilidades interpersoais e emocionais, a xestión da marca persoal e o exercicio dunha actitude proactiva ante o cambio. Estes aspectos son especialmente relevantes nun entorno produtivo onde a flexibilidade, a iniciativa e a responsabilidade profesional constitúen factores determinantes para o éxito laboral.
Ademais, o módulo impulsa a capacidade emprendedora, tanto desde a perspectiva do emprendemento individual como do intraemprendemento dentro das organizacións. O alumnado é animado a identificar necesidades sociais e produtivas do seu entorno, analizar o mercado e formular ideas innovadoras que contribúan á creación de valor económico e social. A metodoloxía áxil, o design thinking e o traballo colaborativo son empregados para promover unha aprendizaxe significativa e práctica, conectada coa realidade das empresas galegas e coas dinámicas de innovación social e sostible.
A intelixencia emocional, a comunicación asertiva e a xestión do tempo constitúen igualmente eixos centrais desta concreción, pois permiten ao alumnado desenvolver comportamentos profesionais eficaces e adaptables. Estes aspectos enlazan directamente cos criterios de avaliación do módulo, que destacan a importancia das competencias persoais, sociais e emocionais na mellora da empregabilidade. A formación que se promove non se limita a preparar para un posto de traballo, senón que busca formar cidadáns profesionais capaces de aprender, colaborar e liderar procesos de cambio.
Así mesmo, a concreción aposta pola integración das competencias dixitais, que se consideran un elemento clave no sector administrativo. O manexo de ferramentas ofimáticas, plataformas de emprego en liña, redes profesionais e recursos de autoaprendizaxe dixital confiren ao alumnado unha vantaxe competitiva nun mercado laboral crecente en automatización e interconectividade.
O módulo tamén favorece a sensibilización co desenvolvemento sostible e os valores sociais, incorporando os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) nas propostas de traballo. O fomento do emprendemento social e da economía verde permite conectar a formación profesional coas necesidades de transformación económica e ambiental de Galicia.
En síntese, o deseño curricular de IPE II para o Grao Medio de Actividades Comerciais está orientado a preparar profesionais competentes, responsables e adaptables, capaces de integrarse con éxito nun entorno produtivo que demanda iniciativa, autonomía e compromiso ético. O módulo non só garante unha inserción laboral máis eficaz, senón que tamén fomenta o espírito emprendedor, a innovación social e a aprendizaxe permanente, configurando unha base sólida para o desenvolvemento de carreiras profesionais sostibles e versátiles no tecido empresarial galego.

2.1. Relación e secuencia de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións
1	Estratexias para o emprego.	Planifica e pon en marcha estratexias nos procesos selectivos de emprego que lle permiten mellorar as súas posibilidades de inserción laboral	20	6
2	Competencias para a empregabilidade.	Aplica estratexias relacionadas coas competencias persoais, sociais e emocionais para o emprego en procura da mellora da súa empregabilidade	20	6
3	Innovación e sostibilidade.	Pon en práctica as habilidades emprendedoras necesarias para o desenvolvemento de procesos de innovación e investigación aplicadas que promovan a modernización do sector produtivo cara a un modelo sostible.	20	6
4	Emprender con metodoloxías áxiles.	Identifica, define e valida ideas de emprendemento xeradoras de novas oportunidades a partir de estratexias de análise da contorna socioprodutiva utilizando metodoloxías áxiles para o emprendemento	20	6
5	Proxecto emprendedor con impacto.	Desenvolve un proxecto emprendedor de innovación social e/ou tecnolóxica aplicada en colaboración coa contorna	20	7

2.2. Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas.

UD	Título da UD	Duración
1	Estratexias para o emprego.	6

Criterios de avaliación	IA	%
RA1 - Planifica e pon en marcha estratexias nos procesos selectivos de emprego que lle permiten mellorar as súas posibilidades de inserción laboral		
CA1.1 - Determináronse as técnicas utilizadas actualmente no sector para o proceso de selección de persoal.	PE	46
CA1.2 - Desenvolvéronse estratexias para a procura de emprego relacionadas coas técnicas actuais máis utilizadas contextualizadas ao sector.		
CA1.2.1 - Planificáronse unha estratexia persoal de procura de emprego adaptada ao sector.	TO	10
CA1.2.2 - Empregáronse ferramentas e plataformas dixitais para a inserción laboral.	TO	2
CA1.3 - Valoráronse as actitudes e as aptitudes que permiten superar procesos selectivos no sector privado e no sector público.		
CA1.3.1 - Identificáronse as actitudes e habilidades brandas que favorecen o éxito nos procesos selectivos.	PE	10

Criterios de avaliación	IA	%
CA1.3.2 - Aplicáronse estratexias persoais de preparación ante procesos selectivos (entrevistas, probas, dinámicas).	PE	12
CA1.4 - Construíuse unha marca persoal identificando as necesidades do mercado actual, as súas habilidades, as súas destrezas e a súa achega de valor.	PE	12
CA1.5 - Analizáronse as oportunidades de mobilidade laboral e de desenvolvemento profesional en contextos europeos.	PE	8

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC1 - Procesos selectivos de emprego: estratexias para a inserción laboral.
Técnicas de recrutamento e selección de persoal que marcan tendencia.
Análise e selección de ofertas segundo o perfil profesional persoal. Oportunidades de emprego en Europa.
Actualización de currículum vítae. Estratexias para a superación dun proceso selectivo. Importancia da actitude e das habilidades brandas no proceso de selección.
Ferramentas de estratexia persoal de procura de emprego. Actualización de currículum vítae. Entrevista de emprego
Estratexias de procura de emprego: recursos, feiras de emprego, portais dixitais e redes sociais profesionais.
Portais dixitais e redes sociais profesionais.
Análise e selección de ofertas segundo o perfil profesional persoal.
Creación da marca persoal. Autoanálise, valor diferencial e visibilidade ante o mundo laboral.
Oportunidades de emprego en Europa. Pasaporte Europeo de Competencias Europass.

UD	Título da UD	Duración
2	Competencias para a empregabilidade.	6

Criterios de avaliación	IA	%
RA2 - Aplica estratexias relacionadas coas competencias persoais, sociais e emocionais para o emprego en procura da mellora da súa empregabilidade		
CA2.1 - Valorouse a importancia das competencias persoais e sociais na empregabilidade no sector de referencia.	PE	10
CA2.2 - Participouse activamente no establecemento dos obxectivos do equipo e na toma de decisións deste, e asumiuse a responsabilidade das accións e das decisións do grupo, participando activamente no logro duns obxectivos compartidos, cooperando con outras persoas e compartindo o liderado.		
CA2.2.1 - Comprendeuse definición de obxectivos e na toma de decisións dun equipo de traballo.	PE	10

Criterios de avaliación	IA	%
CA2.2.2 - Asumíronse responsabilidades e roles compartidos no equipo, contribuíndo ao logro de obxectivos comúns.	PE	4
CA2.3 - Incorporáronse ao propio proceso de aprendizaxe as técnicas e os recursos de presentación e de comunicación, tanto orais como escritos, adecuados para unha comunicación efectiva e afectiva, sendo quen de os adaptar a cada situación e ás circunstancias, valorando as oportunidades e as dificultades que ofrece cada unha.	PE	16
CA2.4 - Aplicáronse técnicas e estratexias para a xestión do tempo dispoñible, para alcanzar os obxectivos tanto individuais como do equipo, e programáronse as actividades necesarias.	PE	18
CA2.5 - Aplicáronse estratexias para canalizar as emocións amosando unha actitude flexible nas relacións con outras persoas.	PE	16
CA2.6 - Desenvolvéronse estratexias para a programación de actividades, atendendo a criterios de organización eficiente e prevendo as posibles dificultades.	TO	12
CA2.7 - Reaccionouse de xeito flexible e positivo ante conflitos e situacións novas, aproveitando as oportunidades e xestionando as dificultades, facendo uso de estratexias relacionadas coa intelixencia emocional.	PE	14

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC2 - Competencias persoais, sociais e emocionais: estratexias para a mellora da empregabilidade.
Importancia das competencias clave e das habilidades sociais máis relevantes relacionados coa empregabilidade.
Equipos de traballo. Construción e desenvolvemento dun equipo de traballo. Os 5C do traballo en equipo. Ferramentas colaborativas e valoración de equipos de traballo.
Definición de obxectivos e na toma de decisións dun equipo de traballo.
Roles e responsabilidades nos equipos de traballo. A corresponsabilidade e o liderado compartido como factor de cohesión.
A comunicación: planificación, deseño e organización do contido. Desenvolvemento das habilidades da comunicación verbal e non verbal. Técnicas de comunicación asertiva.
Xestión eficaz do tempo. Estratexias para a xestión eficaz do tempo e a mellora da produtividade. Métodos para a optimización do tempo na xestión de proxectos.
Estratexias para o control emocional e a actitude flexible nas relacións interpersoais.
Estratexias de programación de actividades: planificación, previsión de riscos e optimización de recursos.
Estratexias de xestión de conflitos e adaptación positiva ante cambios no contorno laboral.

UD	Título da UD	Duración
3	Innovación e sostibilidade.	6

Criterios de avaliación	IA	%
RA3 - Pon en práctica as habilidades emprendedoras necesarias para o desenvolvemento de procesos de innovación e investigación aplicadas que promovan a modernización do sector produtivo cara a un modelo sostible.		
CA3.1 - Identificouse o concepto de innovación e a súa relación coa construción dunha sociedade máis sostible que mellore o benestar dos individuos.	PE	16
CA3.2 - Analizáronse as metodoloxías para emprender e a súa importancia para favorecer a innovación e como fonte de creación de emprego e de benestar social.	PE	20
CA3.3 - Aplicáronse as habilidades emprendedoras necesarias para promover o emprendemento e o intraemprendemento.	LC	12
CA3.4 - Púxose en práctica o traballo colaborativo como requisito para o desenvolvemento de procesos de innovación.	PE	16
CA3.5 - Desenvolveuse a competencia dixital necesaria para a mellora dos procesos de innovación e investigación aplicadas que promovan a modernización do sector produtivo.		
CA3.5.1 - Identificáronse as competencias dixitais clave para a innovación profesional.	PE	10
CA3.5.2 - Analizouse o impacto da intelixencia artificial.	PE	12
CA3.6 - Incorporáronse os obxectivos das políticas e das iniciativas relacionadas coa sostibilidade e o ambiente, á estratexia empresarial enfocada ao desenvolvemento dun modelo económico e social sostible.		
CA3.6.1 - Identificáronse as políticas e iniciativas de sostibilidade e ambiente vixentes.	PE	8
CA3.6.2 - Incorporáronse os ODS á planificación empresarial e á responsabilidade social corporativa.	PE	6

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC3 - Habilidades emprendedoras para a modernización e sostibilidade do sector produtivo.
Creatividade e innovación. Concepto, características e tipos. A innovación como motor de cambio cara ao desenvolvemento sostible.
A cultura emprendedora como fonte de emprego. Análise das metodoloxías para o fomento da creatividade, o emprendemento e a innovación.
Identificación, autoanálise e desenvolvemento das principais competencias e habilidades para o emprendemento e o intraemprendemento.
Traballo colaborativo: concepto, características e vantaxes. A súa importancia para a innovación.
A competencia dixital como fonte de innovación no sector profesional. Impacto da intelixencia artificial.
A competencia dixital como fonte de innovación no sector profesional. Impacto da intelixencia artificial.
Uso de ferramentas dixitais, intelixencia artificial e tecnoloxías emerxentes para a modernización dos procesos produtivos.

Contidos
A axenda 2030 e os obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) integrados na estratexia empresarial.
A Axenda 2030 e os obxectivos de desenvolvemento sostible

UD	Título da UD	Duración
4	Emprender con metodoloxías áxiles.	6

Criterios de avaliación	IA	%
RA4 - Identifica, define e valida ideas de emprendemento xeradoras de novas oportunidades a partir de estratexias de análise da contorna socioprodutiva utilizando metodoloxías áxiles para o emprendemento		
CA4.1 - Identificáronse os problemas das persoas destinatarias potenciais do proxecto emprendedor como paso previo á proposta de solucións que se convertan en oportunidades.		
CA4.1.1 - Analizárouse o contexto socioprodutivo e detectar necesidades do mercado.	PE	6
CA4.1.2 - Formuláronse hipóteses de solución inicial baseadas nas necesidades detectadas	PE	6
CA4.2 - Púxose en práctica o proceso creativo co fin de conseguir unha idea emprendedora que achegue valor económico, social e/ou cultural.	PE	14
CA4.3 - Deseñouse un modelo de negocio e/ou xestión derivado da idea emprendedora.	TO	12
CA4.4 - Incorporáronse valores éticos e sociais á idea emprendedora analizando modelos de balance social.	PE	8
CA4.5 - Analizouse a contribución da economía circular e da economía do ben común ao desenvolvemento dun modelo económico e social baseado na equidade, a xustiza social e a sostibilidade.		
CA4.5.1 - Explicáronse os principios da economía circular e do ben común.	PE	6
CA4.5.2 - Aplicáronse estes principios á definición do proxecto emprendedor.	PE	6
CA4.6 - Analizáronse os principais compoñentes da contorna xeral e específica, e o seu impacto na idea emprendedora.	PE	10
CA4.7 - Realizáronse entrevistas de problema para validar o perfil e o problema das persoas destinatarias da idea emprendedora.	PE	8
CA4.8 - Validouse a solución mediante a creación de prototipos, procurando o encaixe entre problema e solución.	PE	10
CA4.9 - Experimentouse coa posta en práctica de estratexias de márketing para desenvolver destrezas en técnicas de comunicación e venda.	PE	14

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC4 - Ideas de emprendemento xeradoras de novas oportunidades
Análise da contorna socioprodutiva. Identificación de problemas e necesidades de mercado, e propostas de solucións.
Análise da contorna socioprodutiva. Identificación de problemas e necesidades de mercado, e propostas de solucións.
Elaboración de propostas iniciais de valor a partir dos problemas identificados nas persoas destinatarias potenciais.
Fomento da creatividade no emprendemento. Técnicas para a xeración de ideas. Influencia no desenvolvemento económico e social.
Deseño do modelo de negocio segundo o sector produtivo. Proposta de valor.
Cultura empresarial e imaxe corporativa. Desenvolvemento sostible aplicado ao modelo de negocio proposto. Simulación dun balance social.
Economía circular e do ben común. Valores. Desenvolvemento de proxectos baseados na equidade, na xustiza social e na sostibilidade.
Análise dos principais compoñentes da contorna xeral e específica, e o seu impacto na idea emprendedora.
Realización de entrevistas de problema para validar o perfil e o problema das persoas destinatarias da idea emprendedora.
Validación da solución mediante a creación de prototipos, procurando o encaixe entre problema e solución.
Experimentación coa posta en práctica de estratexias de márketing para desenvolver destrezas en técnicas de comunicación e venda.

UD	**Título da UD**	**Duración**
5	Proxecto emprendedor con impacto.	7

Criterios de avaliación	**IA**	**%**
RA5 - Desenvolve un proxecto emprendedor de innovación social e/ou tecnolóxica aplicada en colaboración coa contorna		
CA5.1 - Analizáronse os conceptos básicos do emprendemento e da innovación social.	PE	10
CA5.2 - Reflexionouse sobre a necesidade do liderado ético e sostible nas organizacións.	TO	6
CA5.3 - Reflexionouse sobre a tecnoloxía como base para o cambio do modelo produtivo.	TO	6
CA5.4 - Puxéronse en marcha as estratexias propias do pensamento de deseño para detectar necesidades sociais e ambientais.	PE	12
CA5.5 - Analizáronse os elementos do deseño de modelos de negocio ecosociais e/ou de base tecnolóxica.	PE	12

Criterios de avaliación	IA	%
CA5.6 - Aliñáronse metas de desenvolvemento sostible co deseño de modelos de negocio ecosociais e/ou de base tecnolóxica.	PE	10
CA5.7 - Aplicáronse as estratexias necesarias para analizar a viabilidade do proxecto emprendedor.		
CA5.7.1 - Estimáronse custos, recursos e fontes de financiamento para a posta en marcha do proxecto.	PE	14
CA5.7.2 - Avaliáronse a viabilidade técnica, económica e social do proxecto emprendedor.	PE	8
CA5.8 - Investigáronse as opcións financeiras socialmente responsables.	PE	10
CA5.9 - Definíronse os axentes implicados no proxecto, así como a súa participación neste.		
CA5.9.1 - Identificáronse as partes interesadas relevantes para o proxecto emprendedor. Servizos públicos e privados de asesoramento na xestión e na posta en marcha dunha empresa.	PE	12

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC5 - Proxecto emprendedor.
Emprendemento e innovación social: conceptos. Valores éticos, sostibilidade, impacto ambiental e importancia da dixitalización no proxecto emprendedor.
A tecnoloxía como motor para a transformación do modelo produtivo. Tendencias tecnolóxicas que se inclúen no emprendemento.
Principios e procesos do pensamento de deseño. Ferramentas para identificar e abordar necesidades sociais e ambientais.
Identificación das partes interesadas relevantes para o proxecto emprendedor. Servizos públicos e privados de asesoramento na xestión e na posta en marcha dunha empresa.
Desenvolvemento do proxecto emprendedor. Estratexias para a creación de modelos de negocio sostibles e tecnolóxicos. Fórmulas de economía social.
Elementos e fases do deseño de modelos de negocio ecosociais e/ou tecnolóxicos.
Integración dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible nos modelos de negocio ecosociais e tecnolóxicos.
Investimentos e fontes de financiamento socialmente responsables. Subvencións.
Avaliación da viabilidade técnica, económica e social do proxecto emprendedor.
Custos, recursos e fontes de financiamento para a posta en marcha do proxecto.
Liderado ético e sostible nas organizacións.

3.2. Deseño das unidades didácticas: asignación de elementos curriculares ás actividades.

UD	Título da UD	Duración
1	Estratexias para o emprego.	6

	Actividade	Descrición	Duración
1	Técnicas de selección e estratexias	Cales son as técnicas de selección máis modernas e as estratexias que se poden deseñar. A materia céntrase no coñecemento e aplicación das técnicas actuais de recrutamento e selección de persoal, así como no desenvolvemento de estratexias de procura de emprego adaptadas ás novas tendencias do mercado laboral. Ademais, inclúe o estudo das oportunidades de mobilidade laboral e desenvolvemento profesional en contextos europeos, promovendo o uso de ferramentas como o Pasaporte Europeo de Competencias Europass.	3

Criterios de avaliación

RA1 - Planifica e pon en marcha estratexias nos procesos selectivos de emprego que lle permiten mellorar as súas posibilidades de inserción laboral

CA1.1 - Determináronse as técnicas utilizadas actualmente no sector para o proceso de selección de persoal.

CA1.2 - Desenvolvéronse estratexias para a procura de emprego relacionadas coas técnicas actuais máis utilizadas contextualizadas ao sector.

CA1.2.1 - Planificáronse unha estratexia persoal de procura de emprego adaptada ao sector.

CA1.2.2 - Empregáronse ferramentas e plataformas dixitais para a inserción laboral.

CA1.5 - Analizáronse as oportunidades de mobilidade laboral e de desenvolvemento profesional en contextos europeos.

Contidos

BC1 - Procesos selectivos de emprego: estratexias para a inserción laboral.

C1.1 - Técnicas de recrutamento e selección de persoal que marcan tendencia.

C1.2 - Análise e selección de ofertas segundo o perfil profesional persoal. Oportunidades de emprego en Europa.

C1.3 - Actualización de currículum vítae. Estratexias para a superación dun proceso selectivo. Importancia da actitude e das habilidades brandas no proceso de selección.

C1.3.1 - Ferramentas de estratexia persoal de procura de emprego. Actualización de currículum vítae. Entrevista de emprego

C1.6 - Oportunidades de emprego en Europa. Pasaporte Europeo de Competencias Europass.

Obxectivos específicos

Identificar as técnicas actuais de recrutamento e selección empregadas no sector.

Deseñar estratexias de procura de emprego adaptadas ás tendencias e recursos dixitais actuais.

Analizar e valorar as oportunidades de mobilidade laboral e desenvolvemento profesional en Europa, elaborando un Pasaporte Europeo de Competencias Europass.

Resultados ou produtos

Elaboración de apuntes e mapas conceptuais sobre as técnicas de selección, creación dun plan persoal de procura de emprego.

Recursos específicos

Empregaranse ordenador, conexión a internet, proxector, pizarra dixital e ferramentas en liña.

	Actividade	Descrición	Duración
2	Superación de procesos selectivos e marca persoal	Cómo se superarían os procesos selectivos e qué é a marca personal. Esta materia aborda de forma integral o proceso de selección de persoal e o desenvolvemento profesional no contexto actual do mercado laboral. Preténdese que o alumnado valore as actitudes e aptitudes necesarias para superar procesos selectivos e constrúa a súa propia marca persoal como ferramenta de empregabilidade.A aprendizaxe baséase en actividades dinámicas, estudos de caso e o uso de recursos dixitais actuais.	3

Criterios de avaliación

RA1 - Planifica e pon en marcha estratexias nos procesos selectivos de emprego que lle permiten mellorar as súas posibilidades de inserción laboral

CA1.3 - Valoráronse as actitudes e as aptitudes que permiten superar procesos selectivos no sector privado e no sector público.

CA1.3.1 - Identificáronse as actitudes e habilidades brandas que favorecen o éxito nos procesos selectivos.

CA1.3.2 - Aplicáronse estratexias persoais de preparación ante procesos selectivos (entrevistas, probas, dinámicas).

CA1.4 - Construíuse unha marca persoal identificando as necesidades do mercado actual, as súas habilidades, as súas destrezas e a súa achega de valor.

Contidos

BC1 - Procesos selectivos de emprego: estratexias para a inserción laboral.

C1.4 - Estratexias de procura de emprego: recursos, feiras de emprego, portais dixitais e redes sociais profesionais.

C1.4.1 - Portais dixitais e redes sociais profesionais.

C1.4.2 - Análise e selección de ofertas segundo o perfil profesional persoal.

C1.5 - Creación da marca persoal. Autoanálise, valor diferencial e visibilidade ante o mundo laboral.

Obxectivos específicos

Identificar e analizar as técnicas actuais de recrutamento e selección de persoal que marcan tendencia no sector.

Valorar as actitudes e aptitudes máis adecuadas para superar procesos selectivos tanto no sector privado como no público, elaborando un currículum vítae actualizado e unha estratexia de presentación eficaz. Construír unha marca persoal sólida, a partir da autoanálise e do recoñecemento das propias habilidades e valores diferenciais, que mellore a empregabilidade e a proxección profesional.
Resultados ou produtos Elaboración de apuntes e mapas conceptuais sobre: - O currículum vítae actualizado e adaptado a diferentes contextos laborais. - Un plan persoal de mellora das actitudes e habilidades brandas clave nos procesos selectivos. - A marca persoal que recolla o valor diferencial, os obxectivos profesionais e a estratexia de visibilidade do estudante.
Recursos específicos Empregaranse ordenador, conexión a internet, proxector, pizarra dixital e ferramentas en liña.

UD	Título da UD	Duración
2	Competencias para a empregabilidade.	6

	Actividade	Descrición	Duración
1	Competencias persoais e sociais	As competencias persoais e sociais permiten coñecernos mellor, expresar emocións e convivir con respecto. Estas actividade fomenta coñecer diferentes competencias persoais e sociais como son a empatía, a cooperación e o traballo en equipo. A materia ten como finalidade analizar a importancia das competencias persoais e sociais no ámbito laboral e o seu impacto directo na empregabilidade. Preténdese que o alumnado comprenda que o éxito profesional non depende unicamente das capacidades técnicas, senón tamén de habilidades transversais como a comunicación, o traballo en equipo, a empatía, a responsabilidade ou a xestión emocional.	1

Criterios de avaliación

RA2 - Aplica estratexias relacionadas coas competencias persoais, sociais e emocionais para o emprego en procura da mellora da súa empregabilidade

CA2.1 - Valorouse a importancia das competencias persoais e sociais na empregabilidade no sector de referencia.

Contidos

BC2 - Competencias persoais, sociais e emocionais: estratexias para a mellora da empregabilidade.

C2.1 - Importancia das competencias clave e das habilidades sociais máis relevantes relacionados coa empregabilidade.

Obxectivos específicos

Valorar a importancia das competencias persoais e sociais máis relevantes para a empregabilidade no sector de referencia, identificando aquelas que contribúen a un desempeño eficaz e responsable.

Resultados ou produtos

Como resultado do proxecto, o alumnado elaborará apuntes e mapas conceptuais sobre as competencias clave.

Recursos específicos

Empregaranse ordenador, conexión a internet, proxector, pizarra dixital e ferramentas en liña.

	Actividade	Descrición	Duración
2	Traballo en equipo: obxetivos e toma de decisións	O traballo en equipo e a toma de decisións axudan a desenvolver a cooperación, o diálogo e a	2

	Actividade	Descrición	Duración
2	Traballo en equipo: obxetivos e toma de decisións	responsabilidade compartida. Esta actividade busca mellorar a capacidade de escoitar, acordar e actuar conxuntamente para acadar obxectivos comúns. Esta materia ten como finalidade comprender o funcionamento e a dinámica dos equipos de traballo dentro das organizacións, poñendo o foco na definición de obxectivos comúns, na toma de decisións e na asunción de responsabilidades compartidas. Preténdese que o alumnado coñeza como se organiza e coordina un equipo eficaz, e como as habilidades de comunicación, cooperación e liderado inflúen directamente no logro dos resultados empresariais.	2

Criterios de avaliación

RA2 - Aplica estratexias relacionadas coas competencias persoais, sociais e emocionais para o emprego en procura da mellora da súa empregabilidade

CA2.2 - Participouse activamente no establecemento dos obxectivos do equipo e na toma de decisións deste, e asumiuse a responsabilidade das accións e das decisións do grupo, participando activamente no logro duns obxectivos compartidos, cooperando con outras persoas e compartindo o liderado.

CA2.2.1 - Comprendeuse definición de obxectivos e na toma de decisións dun equipo de traballo.

CA2.2.2 - Asumíronse responsabilidades e roles compartidos no equipo, contribuíndo ao logro de obxectivos comúns.

Contidos

BC2 - Competencias persoais, sociais e emocionais: estratexias para a mellora da empregabilidade.

C2.2 - Equipos de traballo. Construción e desenvolvemento dun equipo de traballo. Os 5C do traballo en equipo. Ferramentas colaborativas e valoración de equipos de traballo.

C2.2.1 - Definición de obxectivos e na toma de decisións dun equipo de traballo.

C2.2.2 - Roles e responsabilidades nos equipos de traballo. A corresponsabilidade e o liderado compartido como factor de cohesión.

Obxectivos específicos

Comprender o proceso de definición de obxectivos e a toma de decisións no seo dun equipo de traballo, aplicando técnicas de planificación e coordinación.

Asumir roles e responsabilidades compartidas dentro dun grupo, contribuíndo activamente ao logro de obxectivos comúns e fomentando o liderado colaborativo.

Resultados ou produtos

Como resultado do proxecto, o alumnado elaborará apuntes e esquemas sobre a organización e funcionamento dos equipos de traballo e o seu rol dentro do equipo de traballo.

Recursos específicos

Empregaranse ordenador, conexión a internet, proxector, pizarra dixital e ferramentas en liña.

	Actividade	Descrición	Duración
3	Comunicación eficaz	A comunicación eficaz permite expresar ideas e emocións con claridade e respecto. Esta actividade busca mellorar a escoita activa, a empatía e a comprensión entre as persoas. A materia céntrase no desenvolvemento das habilidades de comunicación verbal e non verbal aplicadas aos procesos de selección de persoal e á contorna profesional. Preténdese que o alumnado adquira técnicas de presentación e comunicación adecuadas para expresar ideas con claridade, seguridade e respecto, adaptándose ás distintas situacións e interlocutores.	1

Criterios de avaliación

RA2 - Aplica estratexias relacionadas coas competencias persoais, sociais e emocionais para o emprego en procura da mellora da súa empregabilidade

C5.8 - Técnicas de comportamento asertivo en equipo dentro do almacén.

C5.9 - Coordinación de equipos de traballo no almacén.

Obxectivos específicos

1.1 Coñece-la organización do departamento loxística-almacén, as funcións e as actividades que realizan os operarios do almacén. 1.2 Principais postos de traballo dentro do almacén. 1.3 Saber confeccionar cronogramas de

actuación establecendo equipos de traballo eficientes, en función da especialidade e a formación continua que necesita cada operario.

2.1 Comprobar a elaboración de plans de actividades para o persoal de almacén que garantan a realización eficaz de tarefas

Resultados ou produtos

Saber como se organiza o departamento de loxísticaalmacén e as funcións e actividades de cada traballador, como se controla o desenrolo de ordes e actividades do persoal de almacén, logo de establecer cronogramas para a realización das operacións habituais do almacén que melloren a productividade.

Comprobación de coñecementos adquiridos sobre a elaboración de plans de actividades para o persoal de almacén que garantan a realización eficaz de tarefas.

Recursos específicos

Libro de texto e apuntamentos.
Equipo informático con aplicacións para a elaboración de informes e cronogramas.
Presentación cos esquemas e conceptos da actividade.
Papel e bolígrafo.
Equipo informático coas correspondentes aplicacións para o rexistro das ordes de actividade diaria que se desenrolan nun almacén.

	Actividade	Descrición	Duración
2	Actividade de avaliación global.	Saber como se programan as actividades diarias do persoal de almacén.	2

Criterios de avaliación

RA5 - Programa as actividades diarias do persoal do almacén, de xeito que se garanta o desenvolvemento efectivo e eficaz das actividades

CA5.7 - Incorporáronse técnicas de comunicación que promovan no persoal do almacén a súa integración e traballo en equipo

Contidos

BC5 - Programación das actividades do persoal do almacén

C5.10 - Necesidades de formación do equipamento do almacén.

Obxectivos específicos

Comprobar a elaboración de plans de actividades para o persoal de almacén que garantan a

Resultados ou produtos

Comprobar os coñecementos adquiridos sobre o plan de actividades do personal.

Recursos específicos

Papel, boligrafo, e equipos informáticos coas correspondentes aplicacións.

UD	Título da UD	Duración
6	APLICACIÓNS INFORMÁTICAS NO ALMACÉN	10

	Actividade	Descrición	Duración
1	Xestión informática de almacéns.	Coñecer as aplicacións específicas que se poden empregar na xestión de almacéns, e tamén para a súa automatización para mellora-la calidade do servizo de almacenamento e o nivel de servizo á clientela.	8

Criterios de avaliación

RA6 - Manexa aplicacións informáticas de xestión e organización de almacéns que melloren o sistema de calidade

CA6.1 - Determináronse as principais tarefas do almacén que poidan ser xestionadas de xeito eficiente mediante aplicacións informáticas

CA6.2 - Determináronse as aplicacións informáticas existentes no mercado que poden xestionar as tarefas do almacén

CA6.3 - Utilizáronse aplicacións informáticas axeitadas para realizar a xestión comercial do almacén

CA6.4 - Utilizáronse simuladores axeitados para a optimización de cargas, paletización, embalaxes e medios de transporte

CA6.6 - Utilizáronse aplicacións informáticas para a mellora continua do sistema de calidade da empresa

Contidos

BC6 - Manexo de aplicacións informáticas de xestión e organización de almacéns

C6.1 - Informática nos almacéns.

C6.2 - Aplicacións informáticas específicas utilizadas na xestión de almacéns.

C6.3 - Simuladores de tarefas.

C6.4 - Automatización de almacéns.

C6.5 - Sistemas informáticos de colocación e seguimento da mercadoría no almacén.

C6.6 - Sistemas de información e comunicación no almacén.

C6.7 - Calidade do servizo de almacenamento de mercadorías.

Obxectivos específicos

1.1 Coñecer as diferencias entre os Sistemas de Xestión do Almacén (SXA) e os sistemas de radiofrecuencia (REID), analizando as vantaxes da súa utilización.

1.2 Saber utilizar as funcións e ferramentas do SGA Mecalux EasyWMS Basic.

Resultados ou produtos

Coñece e manexar aplicacións que permitan a xestión de almacéns, e tamén a súa automatización para mellora-la calidade do servizo de almacenamento e o nivel de servizo á clientela

Recursos específicos

Libro de texto e apuntamentos.
Equipo informático con aplicacións para a xestión de almacéns

Presentación cos esquemas e conceptos da actividade.

	Actividade	Descrición	Duración
2	Actividade de avaliación global.	Comprobar os os coñecementos sobre a xestión informática dos almacéns	2

Criterios de avaliación

RA6 - Manexa aplicacións informáticas de xestión e organización de almacéns que melloren o sistema de calidade

CA6.5 - Determináronse solucións loxísticas para a automatización e a eficiencia das tarefas do almacén

Contidos

BC6 - Manexo de aplicacións informáticas de xestión e organización de almacéns

C6.8 - Nivel de servizo á clientela.

Obxectivos específicos

Comprobar os coñecementos sobre a xestión informática

Resultados ou produtos

Coñecer a xestión informática dos almacéns

Recursos específicos

Papel, boligrafo.
Equipos informáticos coas correspondentes aplicacións.

UD	Título da UD	Duración
7	NORMATIVA DE SEGURIDADE E HIXIENE	10

	Actividade	Descrición	Duración
1	Normas de seguridade e prevención de riscos en almacéns.	Analizar as normas legais de seguridade cando se realizan actividades de manipulación e almacenaxe de mercadorías e concretar procedementos de prevención de riscos no almacén.	8

Criterios de avaliación

RA7 - Aplica a normativa de seguridade e hixiene nas operacións de almacén mediante procedementos de previsión de accidentes laborais

CA7.1 - Determináronse as incidencias e os accidentes máis comúns no traballo diario dentro dun almacén

CA7.2 - Determinouse a normativa aplicable en materia de seguridade, hixiene e prevención de riscos laborais nas actividades propias do almacenamento de mercadorías

CA7.3 - Caracterizáronse as medidas que cumpra adoptar en caso de accidente producido na manipulación da mercadoría dentro do almacén

CA7.4 - Estableceuse o procedemento que haxa que seguir no caso de accidentes no almacén

CA7.5 - Describíronse as cargas físicas e mentais que se producen nas actividades do almacén

Contidos

BC7 - Aplicación da normativa de seguridade, hixiene e prevención de riscos laborais no almacén

C7.1 - Normativa de seguridade e hixiene no almacén.

C7.2 - Normativa de prevención de riscos laborais no almacén.

C7.3 - Normativa de seguridade no almacenamento de mercadorías perigosas.

C7.4 - Normativa de seguridade e hixiene no almacenamento de mercadorías perecedoiras.

C7.5 - Riscos laborais no almacenamento de mercadorías.

C7.6 - Sinais de seguridade.

C7.7 - Normativa e recomendacións de traballo e seguridade en equipamentos e en instalacións do almacén.

C7.8 - Accidentes de traballo na manipulación e no movemento de mercadorías.

Obxectivos específicos

1.1 Coñecer a normativa legal e as disposicións xerais que regulan a seguridade e hixiene no traballo. 1.2 Saber cales son as medidas e precaucións que se deben tomar para evitar os riscos e accidentes que derivan das actividades que se realizan no almacén. 1.3 Desenrolar unha actitude activa, participativa e responsable na prevención de riscos laborais. 1.4 Saber establecer criterios de actuación diante de situacións de emerxencia (incendio, intoxicacións, caídas, etc.).

2.1 Saber os coñecementos adquiridos sobre normas de seguridade e prevención de riscos laborais en almacéns.

Resultados ou produtos

Informes e resumos dos riscos que poden acontecer no almacén.

Informe da simboloxía que se emprega na sinalización de seguridade no almacén.

Recursos específicos

Libro de texto e apuntamentos.

Presentación cos esquemas e conceptos da actividade.

Equipo informático con aplicacións que permitan a busca de información na rede e a realización dos informes correspondentes.

	Actividade	Descrición	Duración
2	Actividade de avaliación global	Coñecer a asimilación por parte do alumnado das normas de seguridade e da prevención de riscos en almacéns.	2

Criterios de avaliación

RA7 - Aplica a normativa de seguridade e hixiene nas operacións de almacén mediante procedementos de previsión de accidentes laborais

CA7.6 - Describíronse as medidas de seguridade que cumpra adoptar e os medios de protección necesarios en caso de incendios menores no almacén

Contidos

BC7 - Aplicación da normativa de seguridade, hixiene e prevención de riscos laborais no almacén

C7.9 - Riscos de incendios no almacén.

Obxectivos específicos

Saber os coñecementos adquiridos sobre normas de seguridade e prevención de riscos laborais en 2 Actividade de avaliación global.

Resultados ou produtos

Comprobar os coñecementos sobre a prevencion de riscos laborais no almacén, e as normas de seguridade que se teñen que adoptar.

Recursos específicos

Papel e bolígrafo.
Portfolio cos documentos elaborados na unidade.

5.1. Procedemento de avaliación inicial.

Consistirá, por parte de cada profesor, na observación de coñecementos, procedementos e destrezas do alumno durante o primeiro mes de clase.
A confrontación das observacións de todos os profesores xunto coa información aportada polo tutor dará lugar, se fose preciso, a petición o departamento de orientación da súa intervención e asesoramento.

6.1. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
Peso UD/ Tipo Ins.	**10**	**15**	**20**	**25**	**15**	**10**	**5**
Outro	0	0	25	0	0	15	60
Proba escrita	80	80	70	40	40	45	40
Táboa de observación	20	20	5	60	60	40	0

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**100**
Outro	**10**
Proba escrita	**56**
Táboa de observación	**34**

Procedemento e criterios de cualificación:

Criterios de cualificación para as avaliacións ordinarias serán:
- A cualificación será de 1 a 10 puntos, considerándose necesario para superar o módulo a puntuación mínima de 5 puntos, redondeándose as cualificacións ao enteiro máis próximo.
-A avaliación farase por unidades didácticas sendo necesario superar cada unha das dúas unidades para superar o módulo.
- As avaliacións parciais (primeira, segunda e terceira) avaliaranse realizando unha media ponderada da nota de cada unidade didáctica desenvolta en cada período. De tal xeito que se calculará tendo en conta o
seu peso no conxunto da cualificación.
Os traballos serán propostos pola profesora indicando contidos e data de entrega. O INCUMPRIMENTO DA DATA DE ENTREGA INVALIDA A PORCENTAXE DA NOTA ASIGNADA A TRABALLOS E O 100% DA
MESMA VIRÁ DE PROBAS OBXECTIVAS ESPECIALMENTE PREPARADAS PARA O CASO E BASEADAS NOS CONTIDOS INDICADOS.
Existirán postas en escea na aula de situacións de comunicación na empresa. A NEGATIVA POR PARTE DUN ALUMNO A PARTICIPAR EN PÚBLICO NAS SIMULACIÓNS DE SITUACIÓNS DE COMUNICACIÓN

OU A EXPOSICIÓN DO SEU TRABALLO SUPORÁ UN 0, (CERO), NESA PARTE DEBENDO RECUPERALA NAS DATAS E FORMA QUE A PROFESORA LLE INDIQUE.
CANDO O PROFESOR DETECTE COPIA OU PLAXIO NOS TRABALLOS PRESENTADOS POLOS ALUMNOS, INVALIDARÁ A PORCENTAXE DA NOTA ASIGNADA A TRABALLOS E O 100% DA MESMA VIRÁ
DE PROBAS OBXECTIVAS ESPECIALMENTE PREPARADAS PARA O CASO E BASEADAS NOS CONTIDOS PERTINENTES.
CONSIDERARASE PLAXIO PRESENTAR COMO PROPIOS TRABALLOS OU INFORMACIÓN ALLEA, XA SEXA TOTAL OU PARCIALMENTE, SEN ACREDITAR DE FORMA EXPLÍCITA DE DONDE PROVEN A
INFORMACIÓN. NESTA CONSIDERACIÓN INCLUENSE TRABALLOS DE OUTROS ALUMNOS DE ANOS ANTERIORES OU DO CURSO ACTUAL.
OS TRABALLOS DEBEN SER ORIXINAIS Y CITAR SEMPRE AS FONTES OU BIBLIOGRAFÍA.
A cualificación de cada Unidade Didáctica seguirá os instrumentos de avaliación indicados na programación de tal xeito que en cada unidade didáctica, e por tanto, a nivel trimestral, a avaliación estará distribuída do
seguinte xeito:
-Proba escrita, que suporá o 50% da nota da Unidade. Realizarase una proba escrita, en forma de exame. Terá as seguintes características.

- Puntuaranse do 1 ao 10
- Para poder avaliar ao alumnado este deberá ter aprobado con 5 mínimo cada proba escrita
-En caso de suspender, algunha das probas escritas realizarase unha recuperación a o comenzo da seguinte avaliación.
-Prácticas, que suporán o 50 % da nota, (a través de listas de cotexo ou escalas de valoración). Consistirán en traballos en equipos ou individuais. Serán puntuadas coas seguintes calificacións: Mal, Regular, Ben,
Moi Ben e Excelente en base ao cumprimento dunha serie de requisitos establecidos polo profesor.
Nas prácticas grupais, se algún membro do grupo non cumpre cos requisitos esixidos de traballo para cada proba, recibirá a calificación acorde co traballo realizado por él. Dentro deste apartado terase en conta non
só a calidade en canto aos contidos (realización dos procedementos de xeito correcto), senón que tamén se terá en conta a motivación, implicación e participación ante ese traballo.
Para facer máis eficiente o traballo do alumnado poderase agrupar a avaliación das unidades didácticas na súa vertente de proba escrita nunha mesma proba para dúas unidades didacticas.

Procedemento e criterios de recuperación

As actividades de recuperación realizaranse en base aos criterios de avaliación non superados, de xeito que o alumnado terá que recuperar os criterios de avaliación non superados.
-Actividades de recuperación das avaliacións parciais:
A recuperación da 1ª e 2ª avaliacións parciais farase a o comenzo da seguinte avaliación. Consistirá nunha proba escrita baseada en todos os criterios de avaliación. Esta proba escrita conformarase de supostos prácticos e teóricos.

6.2. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Estes/as alumnos/as serán avaliados mediante unha proba de carácter obxectivo sobre todos os contidos do módulo, ou con traballos indicados polo profesor
Para estes/as alumnos/as a nota final formarase coa nota desta proba obxectiva final ou cos traballos propostos, e deberán obter unha nota mínima de 5 puntos ou superior para superar o módulo profesional
Esta proba extraordinaria de avaliación será previa á avaliación final dos módulos.

6.3. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua

O alumnado que perda o dereito á avaliación continua deberá presentarse a unha proba final que se celebrará no mes de Xuño. A proba basearase en todos os criterios de avaliación do currículo e constará de dúas partes, a 1ª, teórica, e a segunda de carácter práctico.

7.1. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.

O reforzo educativo ha de ter como obxectivo conseguir un ensino máis adaptado a cada alumno/a de modo que poida desenvolver ao máximo
todas as súas capacidades, non facendo fincapé xclusivamente nos aspectos intelectuais e de coñecemento senón tendo en conta tamén os de axuste persoal, emocional e social.
As incluídas na estrutura da aula:
Medidas tales como.
1.- Estratexias de Programación:
- Establecer, con claridade, os obxectivos mínimos a conseguir por todo o grupo
- Preparar actividades sobre un mesmo contido de repaso, de reforzo e de profundización variando o grao de dificultade e o tipo de procesos que se pon en xogo.
2.- Estratexias de Recursos Materiais:
- Banco de recursos con materiais que permitan realizar actividades de repaso, reforzo e profundización.
3.- Estratexias Espaciais.
- Localización do alumnado no sitio máis adecuado tendo en conta as características de cada alumno/a.
- Localización das mesas en función do tipo de actividade que se vaia a realizar.
- Realización de tarefas de consulta, de reforzo, traballo independente, de ordenador, etc.
Medidas de adaptación curricular, cando sexan necesarias e segundo o establecido na normativa vixente.

8.1. Programación da educación en valores.

O carácter transversal que a educación en valores ten, implica a súa inclusión en todos os momentos do proceso educativo. Debemos aproveitar o traballo da comunidade educativa para fomentar a tolerancia e orespecto, tanto ás persoas como ás súas ideas e á súa forma de vida.
Igualmente debemos dar a coñecer as N.O.F. e aplicalas con flexibilidade , insistindo en que o traballo colectivo e a colaboración non está en contradición coa organización xerarquizada do centro e do traballo na
aula.
- Educación para a paz.- Construír e potenciar unhas relacións pacíficas entre os alumnos, cultivando as condutas asertivas, a aceptación das diferenzas e a forma de resolución violenta dos conflitos que poidan xurdir entre eles.
- Educación para a igualdade de oportunidades entre os sexos.- Desde o desenvolvemento da autoestima e a concepción do corpo como expresión da personalidade, pretende consolidar hábitos non discriminatorios, corrixindo prexuízos sexistas a partir da análise crítica das súas manifestacións na linguaxe, na publicidade, etc... e promovendo a adquisición de habilidades e recursos para realizar calquera tipo de tarefas, domésticas ou non.
- Educación ambiental.- Facilítase a comprensión e valoración dos procesos que se dan na Natureza e nas relacións do home con ela, animando un cambio de valores, actitudes e condutas que promovan o
respecto, coidado e promoción do medio ambiente.
- Educación sexual.- Pretende que os alumnos alcancen unha información sexual suficiente e científica, e consoliden, como actitudes básicas, a aceptación do propio corpo e a naturalidade no tratamento dos
temas relacionados coa sexualidade, os hábitos de hixiene e o respecto ás diferentes manifestacións da mesma.
- Educación para a saúde.- Fomenta calquera actividade que estimule aos alumnos a crear hábitos e costumes sans.
- Educación do consumidor.- Consiste en promover todo tipo de accións polas que os alumnos filtren a información recibida, de xeito consciente, crítica, responsable e solidaria, así como as decisións consecuentes
para a compra de bens e servizos, tendo en conta os valores persoais, a utilización dos recursos e as consideracións ecolóxicas adecuadas.
- Educación viaria .- Insístese na adquisición de condutas e hábitos de seguridade viaria, tanto de peóns como de usuarios de vehículos, á vez que lles sensibiliza sobre os problemas de circulación.
- Outros temas.- Logo dos temas que aparecen nos transversais da LOGSE, a situación social actual leva a incluír outros novos, referidos á multiculturalidade, a tolerancia, o respecto dos Dereitos Humanos, etc...
que se englobarían nun xeral sobre a Educación para a convivencia e a tolerancia.
- Actividades a desenvolver:
- Actividades a desenvolver dentro da aula:
-->Clarificación de valores. A finalidade destas actividades é favorecer que o alumno reflexione e tome conciencia e responsabilidade do que valora, pensa ou fai. (propoñer un temas a desenvolver).
-->Discusión de dilemas morais. Consistiría en propor aos alumnos situacións antagónicas que lles expoñan conflito

cognitivo, preguntándolles cal sería a mellor solución para o dilema.
-->Análise crítica. Supón solicitar información sobre unha situación que supoña conflito de valores, axuizala e tomar posición ante ela.
-->Dramatizacións. Axudarán a pórse no posto do outro, o cal implica someterse ás normas que impón a propia coherencia do papel asumido e vivenciar os seus prexuízos, valores, etc.
-->Regulación de conflitos. Manexar os conflitos que xorden na vida cotiá de forma non violenta senón racional e reflexivamente; negociando, acordando, etc.
Actividades a desenvolver fora da aula:
-->Actos que se organicen con motivo de diversas conmemoracións relacionadas coa paz (Día Escolar da Non-Violencia e da Paz, dos Dereitos Humanos, etc...)

9.1. Actividades complementarias e extraescolares.

Se fose posible, relizaránse visitas a empresas e espazos comerciais.
Recollida de información en empresas e organismos públicos.
Realización de xestións en organismos públicos
Visitas a feiras e exposicións de materiais e actividades relacionadas.
Charlas, conferencias, seminarios e outras actividades que se programen ao longo do curso.

10.1. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.

O seguimento da programación docente realizarase cotexando as actividades programadas coas realizadas nas clases, semanalmente, e se anotará tanto no caderno de aula como na aplicación informática dispoñible a tal efecto. Mensualmente informarase na reunión do equipo docente e na reunión de departamento do estado da programación e se fora o caso, das modificacións efectuadas.
Estas modificacións incluíranse tamén na memoria de fin de curso xunto coas medidas que se considera conveniente aplicar cara ao próximo curso.
A avaliación da propia programación e da práctica docente será realizada, en primeiro lugar, polo profesor que analizando ao final de cada avaliación parcial os resultados reflectidos nas notas do alumnado autoavaliarase coa fin de verificar se se corresponden coas expectativas e no caso con-trario introducir medidas de mellora. E por outra parte, polo alumnado que cubrirá a enquisa de satisfacción elaborada pola docente e no que se tenta obter resposta das cuestión básicas sobre o preceder, a forma de desenvolver as sesións, etc.

11.1. Outros apartados.

PROGRAMACIÓN LOOIFP

Versión Docente

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	IES Luís Seoane	Pontevedra	2025/2026

Datos da programación

Ensinanza	Ciclo formativo/Curso de especialización	Grao
Graos D: Ciclos formativos	D2COM000100 - Actividades comerciais	A

Módulo
MP1227 - Xestión dun pequeno comercio (2º)

Tipo de oferta	Modalidade	Réxime dual	Grupo
Réxime xeral-ordinario	Presencial	Xeral	A

Sesións semanais	Horas anuais	Duración Sesións	Sesións anuais	Sesións centro
9	248	50	298	155

Profesorado responsable

Docentes
Gil Fernández, Ana

Contido **Páxina**

1.1. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo. 3

2.1. Relación e secuencia de unidades didácticas 3

2.2. Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas. 4

3.2. Deseño das unidades didácticas: asignación de elementos curriculares ás actividades. 14

5.1. Procedemento de avaliación inicial. 38

6.1. Criterios de cualificación e recuperación 38

6.2. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 40

6.3. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua 40

7.1. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados. 40

8.1. Programación da educación en valores. 40

9.1. Actividades complementarias e extraescolares. 41

10.1. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente. 41

11.1. Outros apartados. 41

1.1. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.

A estrutura empresarial da contorna produtiva na área de influencia de Pontevedra está constituida fundamentalemente por microempresas e pequenas empresas do sector servizos nas que se desenvolven todas as función empresariais descritas no módulo. As persoas que obteñan o título de técnico en Actividades Comerciais exercerán a súa actividade en calquera sector produtivo dentro da área de comercialización ou nas seccións de establecementos comerciais, realizando actividades de venda de produtos e/ou servizos a través de diversas canles de comercialización, ou ben realizando funcións de organización e xestión do seu propio comercio. Trátase de traballadores e traballadoras por conta propia que xestionan un pequeno comercio ou unha tenda tradicional, ou por conta allea, que exercen a súa actividade nos departamentos ou nas seccións de comercialización de calquera empresa ou organización, en diversos subsectores.
- En establecementos comerciais pequenos, medianos ou grandes, traballando por conta allea en diferentes seccións comerciais.
- Na comercialización de produtos e servizos por conta propia e allea, fóra do establecemento comercial.
- No departamento comercial de pequenas e medianas empresas (pemes) e empresas industriais.- No departamento de atención á clientela e ás persoas consumidoras e usuarias de organismos públicos.
- En empresas industriais e comerciais grandes e medianas.
- No sector do comercio ao por menor

O currículo do ciclo medio de Actividades Comerciais, adáptase as necesidades deste tipo de empresas, que demandan persoas cunha formación adecuada e actualizada en ditos ámbitos empresariais. Neste senso, esta programación trata de achegar ao alumnado as ferramentas que lle permitirán elaborar un plan de empresa, así como realizar a súa xestión con éxito.

2.1. Relación e secuencia de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións
1	A persoa empresaria e a persoa emprendedora. A idea de negocio.	Obtén información sobre iniciativas emprendedoras e oportunidades de creación dunha pequena empresa, valorando o impacto sobre a contorna de actuación e incorporando valores éticos. Análise da contorna xeral e específica e como influe no pequeno comercio.	14	22
2	Tipos de empresas segundo a forma xurídica. A posta en marcha	Determina a forma xurídica da empresa e os trámites que se esixen para a súa creación e posta en marcha, aplicando a normativa mercantil, laboral e fiscal.	10	15
3	O estudo da contorna. O plan de empresa	Elabora un proxecto de creación dun pequeno comercio, delimitando as súas características e incluíndo un estudo de viabilidade para a posta en marcha e a sostibilidade deste.	12	18
4	O plan de investimentos	Elabora un plan de investimentos básico, identificando os activos fixos que se requiren, a súa forma de adquisición e os recursos financeiros necesarios, en función das características da tenda e dos produtos que se vaian comercializar.	10	16
5	A xestión económica e a tesouraría dun pequeno comercio	Planifica a xestión económica e a tesouraría do pequeno comercio, establecendo o sistema de fixación de prezos que garanta a súa rendibilidade e a súa sostibilidade no tempo.	16	24
6	A xestión da documentación dun pequeno comercio	Xestiona a documentación comercial e de cobramento e pagamento derivada da compravenda dos produtos e/ou servizos prestados, respectando a normativa mercantil e fiscal.	9	15

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións
7	A xestión contable e fiscal dun pequeno comercio	Xestiona o proceso administrativo, contable e fiscal da empresa, aplicando a lexislación mercantil e fiscal, e os principios e as normas do Plan xeral contable para as PEME.	20	31
8	A atención á clientela	Elabora un plan para a implantación dun servizo de calidade e proximidade con atención personalizada á clientela, potenciando a singularidade e a competitividade do comercio.	9	14

2.2. Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas.

UD	Título da UD	Duración
1	A persoa empresaria e a persoa emprendedora. A idea de negocio.	22

Criterios de avaliación	IA	%
RA1 - Obtén información sobre iniciativas emprendedoras e oportunidades de creación dunha pequena empresa, valorando o impacto sobre a contorna de actuación e incorporando valores éticos.		
CA1.1 - Considerouse o concepto de cultura emprendedora, valorando a súa importancia como fonte de creación de emprego e de benestar social	TO	5
CA1.2 - Valorouse a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación e a colaboración para ter éxito na actividade emprendedora	TO	5
CA1.3 - Describíronse individualmente as funcións básicas da empresa e analizáronse todas en conxunto como un sistema integral	PE	15
CA1.4 - Recoñeceuse o fenómeno da responsabilidade social da empresa e a súa importancia como elemento de estratexia empresarial	PE	10
CA1.5 - Identificáronse prácticas empresariais que incorporen valores éticos, sociais e de respecto polo ambiente	PE	15
CA1.6 - Identificáronse os principais elementos do contorno xeral da empresa, analizando factores económicos, sociais, demográficos, culturais, tecnolóxicos, ambientais e político-legais	PE	10
CA1.7 - Describíronse os factores do microcontorno da empresa, analizando a competencia, provedores/as, subministradores/as e intermediarios/as, e as institucións que regulan e/ou inflúen no comercio interior	PE	15
CA1.8 - Identificáronse as vantaxes e as fortalezas do comercio de proximidade tradicional fronte ás grandes superficies e outras formas de distribución retallista	PE	15
CA1.9 - Identificáronse os organismos públicos e privados que proporcionan información, orientación e asesoramento a pequenos comercios, e describíronse os servizos que prestan e os recursos dispoñibles en liña	TO	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC1 - Obtención de información sobre iniciativas emprendedoras e oportunidades de creación dunha pequena empresa
A empresa: concepto e elementos.
Funcións básicas da empresa.
A empresa e a persoa empresaria.
Clasificación das empresas atendendo a distintos criterios.
Características das pequenas e medianas empresas (PME).
Factores claves das persoas emprendedoras: iniciativa, creatividade e formación.
Plan de empresa: idea de negocio.
Análise do contorno xeral e específico dunha pequena empresa.
Relacións da PME co seu contorno.
Relacións da PME co conxunto da sociedade.
Institucións e organismos competentes en comercio interior.
Características do pequeno comercio de proximidade.
Organismos e entidades públicas e privadas que proporcionan información e orientación a pequenos comercios.

UD	Título da UD	Duración
2	Tipos de empresas segundo a forma xurídica. A posta en marcha	15

Criterios de avaliación	IA	%
RA2 - Determina a forma xurídica da empresa e os trámites que se esixen para a súa creación e posta en marcha, aplicando a normativa mercantil, laboral e fiscal.		
CA2.1 - Identificáronse as formas xurídicas que pode adoptar unha pequena empresa, analizando características, capital social, número, obrigas formais e responsabilidade dos/as socios/as, etc	PE	15
CA2.2 - Calculáronse os gastos de constitución e posta en marcha da empresa derivados das distintas formas xurídicas, consultando a lexislación.	TO	10
CA2.3 - Obtívose información sobre posibles axudas e subvencións para a creación dunha empresa, identificando os requisitos e os trámites que cumpra realizar	TO	10
CA2.4 - Seleccionouse a forma xurídica máis axeitada, a partir dun estudo comparativo, valorando os custos, os trámites e as obrigas xurídicas, así como a responsabilidade dos/as socios/as	PE	20
CA2.5 - Consultouse a normativa estatal, autonómica e local que regula e/ou afecta o pequeno comercio	PE	10

Criterios de avaliación	IA	%
CA2.6 - Determináronse os trámites administrativos e xurídicos, as autorizacións e as licenzas que se requiren para a apertura e a posta en marcha do comercio, así como os organismos onde se xestionan e/ou tramitan	PE	10
CA2.7 - Identificáronse as obrigas mercantís, laborais e fiscais derivadas do exercicio da actividade económica da empresa.	PE	10
CA2.8 - Formalizouse a documentación que se require para a creación e a posta en marcha da empresa	PE	15

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC2 - Determinación da forma xurídica da empresa e os trámites para a súa creación e posta en marcha
Empresa individual: responsabilidade xurídica e obrigas formais.
Sociedade mercantil: tipos de sociedades.
Sociedade anónima.
Sociedade de responsabilidade limitada.
Sociedades laborais: anónima e limitada.
Outras sociedades mercantís.
Sociedades cooperativas.
Sociedades civís e comunidades de bens.
Selección da forma xurídica axeitada para un pequeno comercio.
Constitución da empresa: requisitos e obrigas formais.
Trámites que se deben realizar para a posta en marcha da empresa.
Portelo único empresarial. PAE electrónico.
Obrigas fiscais e laborais da empresa.
Subvencións oficiais e axudas para a constitución e apertura da empresa.

UD	Título da UD	Duración
3	O estudo da contorna. O plan de empresa	18

Criterios de avaliación	IA	%
RA3 - Elabora un proxecto de creación dun pequeno comercio, delimitando as súas características e incluíndo un estudo de viabilidade para a posta en marcha e a sostibilidade deste.		

Criterios de avaliación	IA	%
CA3.1 - Establecéronse a situación e as características da tenda en función da densidade, a diversidade e a accesibilidade da súa zona de influencia, o tipo de clientela e os seus hábitos de compra, os produtos que se vaian comercializar, etc	TO	5
CA3.2 - Identificáronse as fortalezas e debilidades persoais, e as oportunidades e ameazas do contorno, mediante a correspondente análise DAFO	PE	20
CA3.3 - Definiuse a oferta comercial ou variedade de produtos, en función das oportunidades de negocio, o perfil da clientela, as tendencias do mercado, a competencia da zona de influencia, etc	PE	15
CA3.4 - Incluíuse un plan de inversións básico que recolla os activos fixos necesarios, a forma de adquisición e o financiamento destes.	PE	15
CA3.5 - Elaborouse unha lista de prezos dos produtos, aplicando os criterios de fixación de prezos establecidos	TO	5
CA3.6 - Incluíuse un estudo de viabilidade económica e financeira do comercio, elaborando unha conta de resultados básica para dous exercicios, a partir da estimación de ingresos, gastos e custos previstos, e recursos financeiros necesarios, e calculando razóns económico-financeiras	PE	20
CA3.7 - Valorouse a posibilidade de contratar persoal en función das características e as necesidades do comercio, calculando os custos e definindo as funcións que haxa que cubrir, o perfil das persoas candidatas e o procedemento de selección	TO	5
CA3.8 - Valorouse a conveniencia de aplicar innovacións tecnolóxicas e de acudir a accións formativas, analizando os puntos débiles e a relación entre custo e beneficio esperado, no relativo á viabilidade e á sostibilidade do negocio	TO	5
CA3.9 - Estudouse a posibilidade de comercialización en liña e doutros xeitos de venda a distancia, calculando o seu custo e tendo en conta as características dos produtos, o impacto esperado e os usos e as prácticas do sector	PE	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC3 - Elaboración dun proxecto de creación dun pequeno comercio
Análise do macrocontorno da empresa.
Análise do mercado e o contorno comercial: situación, accesibilidade e proximidade á clientela, zona de influencia, perfil da clientela e competencia.
Métodos e técnicas para seleccionar a situación do local comercial.
Análise interna e externa da empresa: análise DAFO (debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades).
Estudo da poboación consumidora e da clientela.
Definición das características da tenda.
Definición da oferta comercial ou variedade de produtos.
Prezos de venda dos produtos: lista de prezos de venda ao público.
Elaboración do plan de empresa no que se inclúa o plan de investimentos básico, con indicación dos recursos financeiros necesarios e o estudo de viabilidade económico-financeira do comercio (contas básicas de resultados a partir da previsión de ingresos, custos e gastos, marxes e resultados).

UD	Título da UD	Duración
4	O plan de investimentos	16

Criterios de avaliación	IA	%
RA4 - Elabora un plan de investimentos básico, identificando os activos fixos que se requiren, a súa forma de adquisición e os recursos financeiros necesarios, en función das características da tenda e dos produtos que se vaian comercializar.		
CA4.1 - Determináronse as necesidades da tenda, local, moblaxe, equipamentos, sistema de cobramento, terminal punto de venda etc., en función da idea de negocio, o tipo de clientela e os produtos e servizos que cumpra prestar á clientela.	LC	10
CA4.2 - Obtívose información sobre posibles axudas e subvencións para a compra do equipamento da tenda, e identificáronse os organismos onde se tramitan	TO	10
CA4.3 - Determinouse o xeito de adquisición do local, avaliando as modalidades de compravenda, traspaso ou alugamento, a partir da análise de custos, dereitos e obrigas de cada modalidade	PE	15
CA4.4 - Obtívose información sobre servizos bancarios e formas de financiamento dos investimentos e demais operacións, analizando o procedemento, a documentación, os requisitos e as garantías exixidas para obter un crédito ou un préstamo bancario	PE	25
CA4.5 - Valoráronse as opcións de leasing e renting para a adquisición dos equipamentos, calculando os custos e analizando os requisitos e as garantías exixidas	PE	15
CA4.6 - Seleccionouse a forma de obtención e de financiamento dos equipamentos e das instalacións da tenda, avaliando os custos e os riscos	PE	15
CA4.7 - Seleccionáronse as pólizas de seguros axeitadas, en función das coberturas necesarias, segundo as continxencias e as exixencias legais da actividade	PE	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC4 - Elaboración dun plan de investimentos básico
Estrutura económica e estrutura financeira da empresa.
Fontes de financiamento propio e alleo, interno e externo.
Determinación das necesidades de investimento para a apertura da tenda.
Subvencións oficiais e axudas financeiras á actividade dunha pequena ou mediana empresa (PME).
Decisión de compra ou alugamento do local e outros activos.
Procura de subministradores/as e solicitude de ofertas e orzamentos.
Orzamentos e condicións de compra e/ou alugamento.
Selección do/a subministrador/ora máis conveniente.

Contidos
Financiamento a longo prazo: préstamos, leasing, renting e outras formas de financiamento. Xuros, comisións e outros gastos.
Financiamento a curto prazo: créditos comerciais e adiamento de pagamento, créditos bancarios, negociación de efectos comerciais. Xuros e gastos.
Cálculo dos custos financeiros.

UD	Título da UD	Duración
5	A xestión económica e a tesouraría dun pequeno comercio	24

Criterios de avaliación	IA	%
RA5 - Planifica a xestión económica e a tesouraría do pequeno comercio, establecendo o sistema de fixación de prezos que garanta a súa rendibilidade e a súa sostibilidade no tempo.		
CA5.1 - Estableceuse o sistema de fixación dos prezos de venda en función dos custos, a marxe de beneficios, os impostos sobre o consumo, o ciclo de vida do produto, os prezos da competencia, a diferenciación do produto, a percepción do valor da clientela, etc	PE	10
CA5.2 - Realizáronse previsións da demanda e os ingresos por vendas, e dos custos e gastos previstos, a partir dos datos obtidos de fontes externas que facilitan información económica do sector e doutros comercios similares	PE	10
CA5.3 - Establecéronse prazos, forma e medios de pagamento, descontos e facilidades de pagamento á clientela, en función da capacidade financeira da empresa, as características do produto, o tipo de clientela e os usos e as prácticas do sector	PE	10
CA5.4 - Elaborouse o calendario de cobramentos e pagamentos previstos, en función das necesidades, os compromisos e as obrigas de pagamento do pequeno comercio, e asegurando a dispoñibilidade de efectivo na caixa diariamente	PE	20
CA5.5 - Previuse o sistema para comprobar periodicamente e sistematicamente a liquidez da tenda, axustando os compromisos de pagamento e as estimacións de cobramento	PE	10
CA5.6 - Calculáronse os custos financeiros e os riscos de xestión de cobramento e de negociación de efectos comerciais	TO	10
CA5.7 - Calculáronse os custos de persoal e seguridade social a cargo da empresa	TO	10
CA5.8 - Definiuse o procedemento de valoración sistemática da actividade económica e financeira do comercio, calculando razóns de rendibilidade, solvencia, endebedamento e liquidez, para detectar e corrixir posibles desaxustes	PE	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC5 - Planificación da xestión económica e a tesouraría do pequeno comercio
Previsión da demanda.

Contidos
Previsión de ingresos e gastos.
Elaboración de orzamentos.
Fixación dos prezos de venda atendendo a distintos criterios.
Cálculo dos prezos de venda en función dos custos, a marxe comercial, etc.
Cálculo do punto morto ou limiar de rendibilidade.
Avaliación de investimentos e cálculo da rendibilidade.
Período medio de maduración.
Técnicas de control de fluxos de tesouraría e liquidez.
Análise da información contable e económico-financeira da empresa.
Análise da viabilidade e da sustentabilidade económico-financeira da empresa.
Cálculo e interpretación de razóns económico-financeiras básicas: rendibilidade, liquidez, solvencia e endebedamento.

UD	Título da UD	Duración
6	A xestión da documentación dun pequeno comercio	15

Criterios de avaliación	IA	%
RA6 - Xestiona a documentación comercial e de cobramento e pagamento derivada da compravenda dos produtos e/ou servizos prestados, respectando a normativa mercantil e fiscal.		
CA6.1 - Interpretouse a normativa mercantil e fiscal, e os usos do comercio que regulan a facturación de produtos e servizos, incluíndo a facturación electrónica	TO	10
CA6.2 - Interpretouse a normativa reguladora do imposto sobre o valor engadido (IVE) e as obrigas establecidas para a facturación de produtos e/ou servizos	TO	10
CA6.3 - Elaboráronse facturas correspondentes ás operacións de compravenda e/ou prestación de servizos, de acordo coa normativa mercantil e fiscal, e cos usos do comercio, utilizando ferramentas informáticas	PE	25
CA6.4 - Realizouse o rexistro periódico das facturas emitidas e recibidas que exixe a normativa do IVE	PE	10
CA6.5 - Formalizáronse e xestionáronse os documentos correspondentes a cada medio de pagamento e cobramento das operacións da empresa.	PE	15
CA6.6 - Preparáronse remesas de efectos comerciais para o seu envío ás entidades bancarias en xestión de cobramento ou para a súa negociación e o seu desconto	PE	15
CA6.7 - Elaboráronse facturas de negociación de efectos comerciais	PE	15

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC6 - Xestión da documentación comercial e de cobramento e pagamento
Facturación das vendas: características, requisitos legais e tipos de facturas.
Formalización e expedición de facturas comerciais.
Fiscalidade das operacións de venda e prestación de servizos. Imposto sobre o valor engadido (IVE): operacións gravadas; repercusión do IVE; tipos de gravame; recarga de equivalencia.
Rexistro e conservación de facturas segundo a normativa mercantil e fiscal.
Medios e documentos de pagamento e cobramento: cheque, transferencia bancaria, recibo normalizado, letra de cambio e obriga de pagamento, e medios de pagamento electrónicos.
Xestión de cobramento de efectos comerciais.
Negociación e desconto de efectos comerciais.
Cálculo dos custos de negociación de efectos comerciais.

UD	Título da UD	Duración
7	A xestión contable e fiscal dun pequeno comercio	31

Criterios de avaliación	**IA**	**%**
RA7 - Xestiona o proceso administrativo, contable e fiscal da empresa, aplicando a lexislación mercantil e fiscal, e os principios e as normas do Plan xeral contable para as PEME.		
CA7.1 - Identificáronse as funcións da contabilidade e os libros obrigatorios e voluntarios que debe levar a empresa.	TO	10
CA7.2 - Diferenciáronse as partidas do balance (activo, pasivo e patrimonio neto), analizando as súas características e a relación funcional	PE	20
CA7.3 - Rexistráronse as operacións realizadas, de acordo cos principios xerais e as normas de valoración do Plan xeral contable para PEME, utilizando a aplicación informática dispoñible.	LC	10
CA7.4 - Calculouse a amortización dos elementos do inmobilizado, de acordo coa normativa fiscal e co Plan xeral contable para as PEME.	PE	10
CA7.5 - Calculouse o resultado do exercicio e elaboráronse as contas anuais, de acordo co Plan xeral contable para as PEME.	PE	20
CA7.6 - Formalizáronse as declaracións-liquidacións periódicas do imposto sobre o valor engadido, en función do réxime de tributación elixido.	PE	15
CA7.7 - Determináronse as obrigas fiscais derivadas dos impostos que gravan os beneficios, en función da forma xurídica da empresa (IRPF e imposto de sociedades)	PE	10

Criterios de avaliación	IA	%
CA7.8 - Valorouse a posibilidade de utilizar asesoramento externo de carácter laboral, fiscal e/ou contable, en función das características da empresa	PE	5

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC7 - Xestión do proceso administrativo, contable e fiscal da empresa
Xestión laboral no pequeno comercio. Altas e baixas de traballadores/as, nóminas e boletíns de cotización á Seguridade Social.
Réxime de cotización á Seguridade Social de traballadores/as autónomos/as.
Contabilidade da empresa.
Patrimonio da empresa: activo, pasivo e patrimonio neto.
Balance. Partidas que o integran e relación funcional entre elas.
Contas.
Conceptos de investimento, gasto e pagamento, ingreso e cobramento.
Libros contables e de rexistro.
Plan Xeral Contable para as pequenas e medianas empresas.
Rexistro das operacións. Ciclo contable.
Resultado do exercicio.
Contas anuais.
Sistema tributario español. Impostos directos e indirectos.
Obrigas fiscais do pequeno comercio. Calendario fiscal.
Xestión do imposto sobre o valor engadido (IVE). Réximes de tributación.
Declaración-liquidación do IVE.
Imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF). Modalidades de tributación.
Imposto de sociedades. Modalidades de tributación.
Outros impostos e tributos que afectan o pequeno comercio.
Manexo dun paquete integrado de xestión comercial e contable.

UD	Título da UD	Duración
8	A atención á clientela	14

Criterios de avaliación	IA	%
RA8 - Elabora un plan para a implantación dun servizo de calidade e proximidade con atención personalizada á clientela, potenciando a singularidade e a competitividade do comercio.		
CA8.1 - Adaptáronse as características da tenda aos sistemas normalizados de calidade e aos códigos de boas prácticas aplicables ao pequeno comercio, de carácter comunitario, estatal, autonómico e local	PE	10
CA8.2 - Definíronse as pautas de atención á clientela, aplicando criterios de calidade, cortesía e trato personalizado, de acordo co establecido na norma UNE 175001-1 (calidade de servizo para o pequeno comercio) e noutras normas	PE	20
CA8.3 - Establecéronse os servizos adicionais á venda propios do servizo de proximidade (envío a domicilio e servizos posvenda) segundo as características da tenda, as demandas da clientela e os usos do sector, e valorouse o seu custo e a súa efectividade	PE	20
CA8.4 - Fixáronse os horarios e o calendario de apertura da tenda, os períodos de rebaixas e promocións e outros aspectos de funcionamento, respectando a normativa local e os usos e costumes do comercio retallista.	PE	15
CA8.5 - Deseñouse un sistema actualizado de información e prezos dos produtos accesible ao/á consumidor/a, garantindo a correspondencia entre os prezos marcados nas etiquetas e os rexistrados na aplicación do TPV.	TO	10
